

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 31 de outubro de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 15,00 horas do día trinta e un de outubro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1396).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1397).- ADXUDICACIÓN A OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA ÁREA DOTACIONAL AD-6 DESCONTINUA SAN SEBASTIAN-ABELEIRA MENÉNDEZ. EXPTE. 1547/440.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 26.10.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a Obras Reformas y Saneamientos, S.L. (CIF B-36.494.185) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de

urbanización da área dotacional AD-6 descontinua San Sebastián-Abeleira Menéndez (expediente nº 1547-440) por un prezo total de 192.814,46 euros, un prazo de garantía de 60 meses e unha porcentaxe adicada ó control de calidade do 4%. Todo o anterior de acordo co proxecto e pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 15,02 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.